



INDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. CUESTIÓNS QUE SE NOS PLANTEXAN**
- 3. DESCRICIÓN DO NOSO ESPAZO EXTERIOR**
- 4. FASES DO PROXECTO**
- 5. AVALIACIÓN**
- 6. BIBLIOGRAFÍA**
- 7. ANEXO**

**O ESPAZO EXTERIOR DA ESCOLA INFANTIL:
UN RETO EDUCATIVO**

*"Para vivir bien el jardín, hace falta pensar, organizar, articular y equipar el espacio exterior como se hace con el espacio interior. El espacio exterior es un sitio privilegiado."
Penny Ritscher*

Este proxecto recolle as ideas, reflexións e acordos do equipo de traballo da Escola Infantil de Tui e ten como obxecto proxectar ilusión, motivar o cambio e sentir que a vida está en todos os escenarios posibles da escola, e para iso é preciso xuntar esforzos para sacarlle o maior potencial posible.

1. INTRODUCCIÓN

Seguidoras de autores como Richard Louv (*El último niño en los bosques*, 2008) ou Heire Freike (*Educación en verde*, 2011), que nos alertan da necesidade do contacto coa natureza das nenas e nenos da sociedade actual e que a sitúan ao mesmo nivel que as necesidades de afecto, nutrición e descanso, esta nova corrente suscita o noso interese en contribuír a que nenas e nenos cultiven o respecto e o amor polo medio ambiente, e cremos que son actitudes que determinarán as condicións da vida futura nos anos vindeiros.

En base a este crecente interese por fomentar a vida da escola no patio exterior pensamos que son moitos os argumentos que avalan a nosa proposta pedagóxica:

- ➔ Estudos recentes conclúen que despois da actividade física no exterior as nenas e nenos teñen períodos de maior concentración.
- ➔ As nenas e nenos que xogan con regularidade ao aire libre desenvolven máis as súas habilidades motoras de coordinación, equilibrio e axilidade.
- ➔ A maior tempo ao aire libre, máis rico, imaxinativo, creativo e variado é o xogo, o que favorece a adquisición da linguaxe e as habilidades de cooperación.
- ➔ O contacto directo coa natureza aumenta a capacidade de observación e concentración, de asombro.
- ➔ As nenas e nenos que xogan ao aire libre teñen unha mellor percepción de si mesmos, e desenvolven maior grao de autonomía e independencia.
- ➔ Os espazos naturais estimulan a interacción social entre as pequenas e pequenos.

En definitiva, xogar fóra estimula as capacidades infantís moito máis que os espazos pechados; o contacto cotiá coa natureza favorece que as nenas e nenos medren sans e felices. Todos estes motivos son argumentos de moito peso para poñer todo o noso empeño programático para que a vida no exterior sexa unha realidade, unha experiencia vital.

2. CUESTIÓNS QUE SE NOS PLANTEXAN

Feita a defensa do proxecto, o punto de partida será a análise e avaliación do contexto como condicións imprescindibles. E estas son as cuestións que nos xorden:

É un espazo amplo? Coñecemos o nome de árbores e plantas? Que tipo de actividades desenvolvemos coas nenas e nenos no exterior? Que tipo de xogos provocan maior interese nas nenas e nos nenos? Existen conflitos? De que tipo? Sabemos a causa dos mesmos? Que zona do exterior é máis atractiva para nenas e nenos? Desde a mirada adulta, temos espazos que nos resulten perigosos? Que necesidades detectamos os adultos? Que necesidades detectamos desde a perspectiva das nenas e nenos? Contamos con material de xogo e mobiliario suficiente? Que tipo de mobiliario temos?

3. DESCRICIÓN DO NOSO ESPAZO EXTERIOR

- **TIPO DE SOLO**

O subsolo non está suficientemente preparado para axardinar con éxito, polo que actualmente temos problemas de drenaxe e perda de zona axardinada, quedando á vista pedra e terra do subsolo.

A drenaxe é insuficiente, provocando a erosión de case todas as zonas onde non chega e zonas de concentración de auga do rego e das chuvias.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Mellorar a infraestrutura da drenaxe evitando a erosión e á vez recollendo as augas fluviais, de xeito que poidan ser utilizadas para o rego do xardín.
- Preparar o subsolo cunha boa base que permita axardinar con éxito o céspede.
- Plantar arbustos para promover espazos íntimos e recollidos, plantas aromáticas ao alcance de nenas e nenos (empregando pneumáticos ou outro tipo de xardineiras) e plantas rubideiras para ir cubrindo o valado que delimita a escola.
- Elevar o terreo en diferentes puntos que favoreza a exploración, o equilibrio e o movemento.
- Empregar “acolchado” (mulching), pódese substituír o céspede por plantas tapizantes (*Sedum Lemon Ball*, *Ajuga reptans*, *Aptenia cordifolia*,..) que cubran o chan, diminuindo o consumo de auga e mantemento e evitando a erosión do terreo.

● ORIENTACIÓN

A orientación do espazo, das diversas zonas, desde as máis soleadas ata as que quedan todo o día na sombra,..., determinarán a actividade que se desenvolve e o tipo de vexetación a colocar en cada unha.

O noso edificio está orientado ao sol polo que gozamos de moita luz solar durante todo o ano. As aulas teñen acceso directo ao patio, e parte deste patio carece de zonas que protexan do sol na época estival.

PROPOSTA DE MELLORA

- Contar con zonas sombreadas é moi importante polo que valoramos a necesidade de que, co apoio dunha pérgola ou estrutura similar e plantas rubideiras, dispoñer de sombra para poder gozar do xogo sen unha excesiva exposición ao sol.

- **ESPECIES VEXETAIS**

O patio lateral dispón de árbores autóctonas adaptadas ao medio, o que lles permite ás nenas e nenos observar os cambios que se dan na natureza nos diferentes momentos do ano (caen as follas en outono, quedan espidos no inverno, medran no verán, no tronco e na base medran cogomelos,...)

PROPOSTA DE MELLORA

- No patio central non dispoñemos de vexetación: decidir que tipo de plantas autóctonas e de fácil mantemento axudaranos a dispoñer de zonas sombreadas e xogos enriquecidos.
- Unha das árbores que precisamos é a moreira xa que o coidado dos vermes de seda é unha actividade de moita aceptación por parte das pequenas e pequenos.

- **AUGA**

Dispoñemos dun punto de auga que na actualidade non aproveitamos para o xogo de cativas e cativos porque o lugar onde está situado non é práctico e viable para o seu uso. Contar con varios puntos de auga para xogar, que as nenas e nenos sexan autónomos para coller auga e amasar terra,... parécenos un recurso fundamental no noso patio.

PROPOSTA DE MELLORA

Instalación de pías de auga tendo en conta a súa altura e situación, xerando así un recanto para manipular, experimentar facendo trasvases, medidas,, transformacións,...


- A auga empregada debe poder ser reutilizada no rego das plantas.

- **DISTRIBUCIÓN E ESTRUTURA DOS PATIOS**

- **PATIO LATERAL DEREITO**



É a zona exterior do grupo 0-1. Todas as aulas teñen acceso directo ao exterior. As dúas árbores que se ven na foto non dan sombra suficiente para o aproveitamento da zona nos días de calor. Pódese observar o desnivel e desgaste do terreo cara ao valado que rodea o centro nas seguintes fotos:



➤ **PATIO CENTRAL**

Zona exterior á que teñen acceso todas as aulas do grupo de medianos (1-2) e do grupo de maiores (2-3). É o patio máis empregado no inverno por ser moi soleado, pero dada a ausencia de zonas de sombra, non se pode aproveitar cando chega o bo tempo.



➤ **PATIO LATERAL ESQUERDO**

É o espazo máis sombreado dos tres dos que dispón a escola. Conta cun areeiro e algunha vexetación. A caseta que se observa na foto non pertence á escola senón ao Centro Cívico, que está a carón da escola, polo que non se pode dispoñer do seu uso. O areeiro é preciso enchelo de area todos os anos e tivemos que mercar un toldo para tapalo por mor dos gatos.



O Concello ten o compromiso de cedernos a caseta en canto constrúa outra para o Centro Cívico. A nosa idea é convertela nun espazo de xogo simbólico para pequenas e pequenos, unha casa en miniatura, coas súas dependencias.



Como se pode observar nas fotos, o terreo tamén sofre desgaste: é evidente que temos un problema co rego. A fachada do edificio que linda coa escola tamén está moi deteriorada; a intención é solicitar que a veñan arranxar e facer un mural coa colaboración do alumnado do IES San Paio, veciños da escola.

Nesta zona gustaríanos ter un pequeno escenario. Vimos observando que lles gusta moito subir enriba destes paneis. Este espazo tamén pode servir para sesións de teatro e contacontos no patio.



- **HORTA**

A horta atópase á man dereita da entrada principal, dentro da instalación; para acceder a ela é necesario saír coas nenas e nenos do edificio.

A horta é un recurso imprescindible para o noso centro, conta cun proxecto específico que incluímos como anexo nesta proposta.



PROPOSTA DE MELLORA PARA A DISTRIBUCIÓN

- ✓ Promover espazos suxerentes, provocadores de movemento e repouso, seguridade e risco, socialización e individualización, relación co adulto e distancia do mesmo, reproducir e crear, experimentar sensacións e actuar sobre os obxectos, observar e transformar,... O neno ten que poder moverse con seguridade e o adulto deber ter a seguridade e control do espazo.
- ✓ Mesas, bancos,..., feitos con elementos naturais, axudarannos a crear zonas diferenciadas que dean unha visión global. Serán espazos que permitan continuar facendo actividades que ás veces só realizamos dentro da escola; os bancos, distribuídos de forma provocadora, tamén nos axudará a xerar situacións colectivas e individuais.
- ✓ Creación de desniveis: dunas, ramplas, elevacións suaves,..., ofrecen moitas posibilidades de movemento.
- ✓ Combinar zonas de herba con zonas para o arrastre de vehículos (bicis, carros, remolques), con lugares para esconderse e organizar xogos,...
- ✓ Dispoñer doutro areeiro na patio lateral dereito para o grupo das máis pequenas e pequenos.
- ✓ Limpeza dos muros interiores e exteriores.
- ✓ Dispoñer de toma de luz (música, luces,...).

● MOBILIARIO E MATERIAIS

A zona exterior dispón do seguinte material de xogo:

- ✓ Tubos de cartón: agochan obxectos, fan esforzos por subir a eles, collelos, deixándoos caer, poden pintalos,...
- ✓ Caixas de froita: as pequenas e pequenos constrúen camiños, soben, métense dentro, apilan, sentan, simbolizan....
- ✓ Pneumáticos: grandes e pequenas fan circuítos, levántanas en peso, entran e saen....

- ✓ Dúas estruturas de exterior: unha no patio central e outra no patio lateral.
- ✓ Un areeiro e variedade de xogos para a area (caldeiros, pas, angazos,...).
- ✓ Variade de vehículos: motos, triciclos, coches.
- ✓ Pelotas de todos os tamaños.
- ✓ Un túnel de estrutura ríxida con base de varias entradas e desmontable (varios túneles).
- ✓ Unha casiña de plástico.
- ✓ Unha estrutura con esvaradoiro de plástico.

PROPOSTA DE MELLORA

- Colgar un cesto nunha árbore para balancearse.
- Hamaca entre árbores para xerar un espazo para o descanso.
- Preto do areeiro, unha caixa de madeira para gardar as pas, caldeiros, angazos, botes,...
- Un sistema que nos permita gardar triciclos, coches, motos, camións,... (aparcar non amontoar).
- Preto do recanto da auga, o material para experimentar, manipular,...
- Garrafas pesadas con diferentes cantidades de auga de cores permitirán ás nenas e nenos coñecer as súas posibilidades en canto ao peso, a auga en movemento,...
- Caixas de tetrabriks. Con este tipo de envases poderán facer diferentes construcións, circuítos para os coches, equilibrios, torres, tamén desenroscar os tapóns e enchelos de area para logo baleiralos,...
- Tubaxes de plástico resistente que permiten usalos como tobogán, rampla, pasar por debaixo se está atado a unha árbore, balancearse, equilibrios, rodalos, pasar por dentro se é o suficientemente grande,...
- Recipientes transparentes colgados para encher e baleirar.

En definitiva, poñemos en marcha este proxecto global coa ilusión de ter un espazo educativo no exterior que nos permita provocar e compartir, vivir intensamente os espazos exteriores. Aproveitar ao máximo o privilexio de contar con estas zonas exteriores, un recurso de valor incalculable para ser gozado polas nenas e nenos e adultos que los acompañan, para provocar e compartir, para vivir intensamente os espazos exteriores.

4. FASES DO PROXECTO

1º FASE : *Difusión*

Debater a proposta entre todo o equipo da escola, as ideas, chegar a acordos e recoller achegas consensuadas.

Dar a coñecer o proxecto a toda a comunidade educativa: familias, Concello e outros axentes do contorno. Solicitar axuda para o seu desempeño e chegar a acordos en canto ao que, como e cando.

Buscar o asesoramento de expertos para desenvolver as propostas con optimización.

2º FASE : *Deseño*

Partindo da análise e das necesidades de mellora, deseñar os novos espazos, de tal xeito que na intervención das propostas teñamos en conta onde queremos as zonas de sombra, os recunchos, as zonas de equilibrio, de auga,...

3ª FASE : Intervención

✓ **Todas as propostas de cambio relacionadas coa mellora do terreo:**

- a) Promover espazos suxerentes, provocadores de movemento e repouso, seguridade e risco, socialización e individualización, relación co adulto e distancia do mesmo, reproducir e crear, experimentar sensacións e actuar sobre os obxectos, observar e transformar,...: o neno ten que poder moverse con seguridade e o adulto debe ter a seguridade do control do espazo.
- b) As mesas bancos,..., creados con elementos naturais, axudaranos a crear zonas diferenciadas que permitan unha visión global. Serán lugares que nos permitirán continuar facendo actividades que ás veces soamente facemos dentro da escola; os bancos distribuídos de forma provocadora tamén nos axudarán a xerar situacións colectivas e individuais..
- c) Creación de desniveis: dunas, rampas, elevacións suaves,..., ofrecen moitas posibilidades de movemento.
- d) Combinar zonas de herba con outras para o arrastre de vehículos (bicis, carros, remolques), con lugares para esconderse e organizar xogos,...
- e) Dispoñer doutro areeiro no patio lateral dereito para o grupo das máis pequenas e pequenos.
- f) Mellorar a infraestrutura da drenaxe evitando a erosión e á vez recollendo as augas fluviais, de xeito que poidan ser utilizadas para o rego do xardín.
- g) Preparar o subsolo cunha boa base que permita axardinar con éxito o céspede.
- h) Plantar arbustos para promover espazos íntimos e recollidos, plantas aromáticas ao alcance de nenas e nenos (empregando pneumáticos ou outro tipo de xardineiras), e plantas trepadoras para ir cubrindo o valado que delimita a escola.
- i) Elevar o terreo en diferentes puntos que favorezan a exploración, o equilibrio e o movemento.

- j) Identificar o tipo de plantas das que xa dispoñemos.
 - k) No patio central non dispoñemos de vexetación, polo que decidir o tipo de plantas autóctonas e de fácil mantemento axudaranos a dispoñer de zonas sombreadas e xogos enriquecidos.
 - l) Unha das árbores que precisamos é a moreira xa que o coidado dos vermes de seda é unha actividade de moita aceptación polas pequenas e pequenos.
- ✓ ***Todas as propostas que teñan que ver coa mellora das zonas de luz e puntos de auga:***
- a) Contar con zonas sombreadas é moi importante polo que valoramos a necesidade de que, co apoio dunha pérgola ou estrutura similar e plantas trepadoras, dispoñamos de sombra para poder gozar do xogo sen unha excesiva exposición ao sol.
 - b) Instalación de pías de auga, tendo en conta a súa altura e situación, xerando así un recanto para manipular, experimentar facendo transvases, medidas, transformacións,...
 - c) A auga empregada debe poder ser reutilizada no rego das plantas.
- ✓ ***Todas as propostas que teñan que ver coa mellora dos espazos e propostas de xogo:***
- a) Promover espazos suxerentes, provocadores de movemento e repouso, seguridade e risco, socialización e individualización, relación co adulto e distancia do mesmo, reproducir e crear, experimentar sensacións e actuar sobre os obxectos, observar e transformar,...; o neno ten que poder moverse con seguridade e o adulto debe ter a seguridade do control do espazo.
 - b) As mesas, bancos,..., creados con elementos naturais, axudaranos a crear zonas diferenciadas que permitan unha visión global. Serán lugares que nos permitan continuar facendo actividades que ás veces soamente facemos dentro da escola; os bancos distribuídos de forma provocadora tamén nos axudan a xerar situacións colectivas e individuais..

- c) Creación de desniveis: dunas, rampas, elevacións suaves,..., ofrecen moitas posibilidades de movemento.
- d) Combinar zonas de herba con zonas para o arrastre de vehículos (bicis, carros, remolques), con lugares para esconderse e organizar xogos...
- e) Dispoñer doutro areeiro no patio lateral dereito para o grupo das máis pequenas e pequenos.
- f) Colgar un cesto nunha árbore para balancearse
- g) Hamaca entre árbores para xerar un espazo para o descanso
- h) Preto do areeiro, unha caixa de madeira para gardar as pas, caldeiros, angazos, botes,...
- i) Un sistema que nos permita gardar triciclos, coches, motos, camións,... (aparcar non amontoar).
- j) Preto do recanto da auga, o material para experimentar, manipular,...
- k) Garrafas pesadas con diferentes cantidades de auga de cores permitirán ás nenas e nenos coñecer as súas posibilidades en canto ao peso, a auga en movemento,...
- l) Caixas de tetrabriks. Con este tipo de envases poderán facer diferentes construcións, circuítos para os coches, equilibrios, torres, tamén desenroscar os tapóns e enchelos de areas para lo baleiralos,...
- m) Tubaxes de plástico resistente de diferentes tamaños que permiten usalos como tobogán, rampa, cabaliño, pasar por debaixo se está atado a unha árbore, balancearse, equilibrios, rodalos, pasar por dentro se é o suficientemente grande,...
- n) Recipientes transparentes colgados para encher e baleirar.

5. AVALIACIÓN DA PROPOSTA

Os espazos responden ás necesidades dos nenos e nenas? Os recursos foron os axeitados e suficientes? Respectase a decisión das crianzas de participar ou non nas actividades? Responde a intervención do terreo aos obxectivos deseñados? Mellora a proposta de actividades das nenas e nenos?

6. BIBLIOGRAFÍA

Olga Monterrer, Montserrat Pallerols, *La reestructuración de nuestro jardín*, Aula Infantil nº61 pp9-12 mayo 2011.

Carme Cols, *Organizar y vivir los espacios exteriores*, Infancia 120 pp14-19, marzo 2010.

6. WEBGRAFÍA

<http://educarenverde.blogspot.com.es/>

ANEXO 1

PROXECTO: UNHA HORTA NA ESCOLA INFANTIL

ÍNDICE

- 1. XUSTIFICACIÓN**
- 2. OBXECTIVOS**
- 3. NECESIDADES DETECTADAS**
- 4. ORGANIACIÓN DE:**
 - **ESPAZOS**
 - **TEMPOS**
 - **MATERIAIS**
 - **ACTIVIDADES**
- 5. FUNCIONAMENTO**
- 6. AVALIACIÓN**

XUSTICACIÓN

En contacto co entorno natural a nena e o neno teñen múltiples posibilidades de desenvolver aprendizaxes por descubrimento, empregando os seus sentidos vitais, o tacto, o movemento, o equilibrio, todos eles aspectos que benefician a súa óptima maduración biolóxica, despertando as ganas de aprender e explorar, facilitando o seu desenvolvemento motriz e activando a súa imaxinación a través do xogo.

É por iso que o proxecto xorde da necesidade do contacto cotiá coa natureza, entendendo que o compromiso e o respecto polo medio ambiente son actitudes que se adquiren na infancia desde unha relación próxima e positiva co entorno.

2. OBXECTIVOS

Aproveitar a horta como medio para formar ás nenas e aos nenos no respecto pola natureza, como na necesidade de convivir con ela.

Gozar, sentir e vivir a natureza.

Favorecer accións que precisen de colaboración e cooperación, para estimular o traballo en equipo no coidado da horta.

Xerar unha rutina de coidados básicos das plantas e dos animais que conviven na escola.

3. NECESIDADES DETECTADAS

Aproveitamento dos espazos exteriores.

Actividades ao aire libre que permitan gozar ás nenas e os nenos das zonas exteriores da escola.

Contacto directo cos animais.

4. RECURSOS

4.1. ESPAZOS

Patios

Tres patio exteriores separados entre si por valados. Os tres teñen unha pequena zona protexida do sol e da choiva. Rodea a esta zona exterior unha zona de seguridade.

O maior dos patios ten grandes árbores que nos permiten observar os cambios estacionais e gozar de sombra nos días soleados, un areeiro e unha caseta, que a día de hoxe non é propiedade da escola.

Exterior

No lado dereito á entrada da escola dispoñemos dun espazo de terra que consideramos axeitado para traballar na horta. Dentro do recinto escolar permite que as nenas e nenos teñan a horta ben diferenciada do resto de espazos.



4.2. AGRUPAMENTOS

Os traballos de coidado e actividade propostas desenvolveranse en grupo reducidos tendo en conta o grupo de idade e están deseñados favorecendo a participación, na medida das súas posibilidades, das nenas e nenos.

	AGRUPAMENTOS
0-1	1-2 crianzas
1-2	2-4 crianzas
2-3	4-6 crianzas

4.3. TEMPOS

A horta está pensada para formar parte da vida cotiá da escola polo haberá actividades en torno a este espazo ao longo da xornada. Dun xeito programado polas titoras da aula ou máis aberto á curiosidade puntual manifestada polas nenas e nenos.

Contemplamos tempos para as crianzas pero tamén tempos para os adultos polas necesidades de mantemento e coidado específico que requiren estes espazos.

	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
HORTA	Preparar terra Plantar Coidado e observación Recolleita	Finais de Marzo Abril Diariamente despois de plantar Cando se dea o froito
ANIMAIIS	Observar Coidar	Diariamente todo o ano Diariamente todo o ano

4.4. RECURSOS

FERRETERÍA	Cinta illante, tanza, listóns de madeira, sacho, sacha, forquita, pala lixeira, cestos.
PAPELERÍA	Tinta de cor para impresora, cartolinas, rotuladores, celo
FLORISTERÍA	Terra, abono, leitugas, tomates, pementos fresas, semente cabaza, cenorias, xudías Sementes varias de plantas aromáticas, rafia natural
<i>OUTROS RECURSOS MATERIAIS</i>	Carretillas, caldeiros, palas, angazos, material de refugallo para facer de semilleiros (vasos de iogur, botellas...)
<i>RECURSOS HUMANOS</i>	Responsables da comisión da horta. Persoal da escola. Nais e pais. Outros axentes do contorno: xardineiros do Concello, persoal en prácticas...

4.5. ACTIVIDADES

	DESCRIPCIÓN	ACTIVIDADE
O COIDADO DOS ANIMAIS 	No entrada onde teremos diferentes animais, promovemos a observación e coidado dos mesmos. As crianzas colaborarán para darlles de comer e limpar o seu hábitat.	Limpar as tartarugas e o seu lugar.  Dar de comer ás tartarugas
HORTA 	Espazo onde nenas e nenos poden observar e coidar os vexetais que medran nel.	Move a terra. Plantar Regar diariamente. Recoller os froitos. Elaborar comidas con estes froitos (ensaladas, doces, batidos, ...)

Traballo previo por parte do adulto da horta:

1. Verificar a dispoñibilidade da luz.
2. Escoller as especies axeitadas.
3. Establecer rutina de coidados básicos.
4. Deseñar a horta.
5. Acordar as colaboracións necesarias e as persoas responsable do mantemento da horta.

Actividades a desenvolver polo grupo de nenas e nenos.

1. Remover a terra
2. Plantar as semillas
3. Regar
4. Sacar herbas malas
5. Observar como medra o froito
6. Recoller os froitos
7. Elaborar comidas cos produtos da horta.

5. FUNCIONAMENTO

Por ser unha proposta que se traballa en todo o centro, compre respectar certos criterios compartidos por todo o equipo:

Respecto pola decisión de cada neno e cada nena de participar ou non nas actividades propostas.

Levar a cabo a proposta en grupos pequenos de nenas e nenos, con tempo e sen outras distraccións.

Participación e colaboración das familias no proxecto.

6. AVALIACIÓN

- . Os espazos responden ás necesidades dos nenos e nenas?
- . O número de nenas e nenos é o axeitado para estas experiencias?
- . Os tempos adicados a cada actividade son necesarios?
- . Os recursos foron os axeitados e suficientes?
- . Respectase a decisión das crianzas de participar ou non nas actividades?
- . Gozan nenas e nenos con estas experiencias?
- . Goza o persoal do centro con estas experiencias?
- . Participan as familias activamente nestes espazos?
- . Gozan as familias con estas experiencias?
- . Aproveitáronse os recurso do contorno?